



ACORDO DE BASES DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A DOTACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA NOS CENTROS EDUCATIVOS GALEGOS PARA O CURSO 2017-2018

MEMORA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa,
DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura ata o 30 de xuño de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte seleccionará ata 445 auxiliares de conversa de lingua inglesa, 14 de lingua francesa, 7 de lingua alemá, 2 de lingua portuguesa e 2 de lingua chinesa, que serán adxudicados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia para prestar servizo nos centros educativos que ela designe.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
A incorporación ao proceso educativo dos centros galegos de auxiliares de conversa, persoas que teñen como lingua nativa inglés, francés, alemán, portugués ou chinés, demostrouse como un recurso de grande importancia para que o alumnado da nosa Comunidade Autónoma mellores as súas competencias, nomeadamente a expresión oral, na(s) lingua(s) estranxeiras obxecto de estudo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

galicia

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

Manuel Corredoira López

